

Manuel María
1929 - 2004

"Os soños na gaiola" é a obra de Manuel María da que toma o nome a biblioteca do noso Centro.

Segundo confesa o autor, este conxunto de corenta e nove poemas, nados da súa infancia labrega, son unha recuperación dos versos que botou de menos na nenez, cando non existían obras de literatura infantil.



Biblioteca e ENDL
CEIP "Juan Fdez Latorre"

O S O S O S N A G A I O L A



Manuel María
"Os soños na gaiola"

GALICIA

Galicia docemente
está ollando o mar;
¡ten vales e montañas
e terras pra labrar!

Ten portos, mariñeiros,
ciudades e labregos
¡cargados de traballos,
cargados de trafegos!

Galicia é unha nai
velliña, soñadora;
¡na voz da gaita rise,
na voz da gaita chora!

Galicia é o que vemos;
a terra, o mar, o vento...
¡Pro hai outra Galicia
que vai no sentimento!

Galicia somos nós;
a xente e maila fala.
¡Se buscas a Galicia
en ti tes que atopala!

O MEU BURRIÑO


¡Arre, corre,
meu burro trotón,
meu burriño manso,
meu burriño bon!

-¡Corre meu burriño;
non galopes, voa!
¡A ver si lle gañas
ó vento que zoa!

-Arre, meu burriño,
que es un preguiceiro!
¡A ver se lle gañas
ó vento lixeiro...!

-¡Corre, meu burriño,
nos cascos pon ás!
¡Se queres, o vento
deixarás atrás...!

-¡Arre, meu burriño!
¡Corre máis deprisa!
¡Que se perde o vento
xa verás que risa...!



XOGOS

Non quero xogar ó feito
e tampouco irei ós niños.
¡Non quero facerlles mal
ós coitados paxarños...!

-¡Non quero xogar ás bólas
nen ver roula-lo peón!
¡Tampouco quero correr
dando couces a un balón!

-¡Non xogarei ó escondite,
nen a xustiza e ladrós
anque eu sexa o capitán
e teña o mando dos bos!

-¿Dime a que queres xogar?
Dime, neno, o teu anceo.

-¡Quero ter un avión
pra percorrer todo o ceo!

O SOL

O sol chámase Lourenzo
e é un señor moi finchado
que está no alto do ceo
todo o día rebrilando.

Vai vestido de marelo,
leva chaleque encarnado.
Moi seguro de si mesmo
a súa calor nos vai dando.

O sol chamábase Lourenzo
e é señor señalado.
¡Se non fora polo sol
estaría o mundo xeadó!

Só o sol manda no ceo,
moi solemne, moi bardado.
¡As súas barbas son os raios
con que nos vai alumando!



Manuel María
“Os soños na gaiola”

